

O CAPITAL SOCIAL NAS COOPERATIVAS

CAPITAL SOCIAL MÍNIMO

non inferior a 3.000€
e totalmente desembolsado desde a súa constitución.

Excepto nas cooperativas xuvenís, nas que o capital mínimo é de 300 €



A

Sen embargo, os estatutos poden fixar un capital social mínimo superior.

O CAPITAL SOCIAL ESTÁ FORMADO

polas achegas obrigatorias e voluntarias das persoas socias.



B

ACHEGAS OBRIGATORIAS

Os estatutos fixarán a achega obrigatoria mínima. Deben estar desembolsadas polo menos nun 25% no momento da subscrición e o resto no prazo que acorde a Asemblea Xeral.



B.1




B.2

ACHEGAS VOLUNTARIAS

A Asemblea Xeral pode acordar a admisión de achegas voluntarias ao capital social. Deben estar desembolsadas totalmente no momento da subscrición.

O IMPORTE TOTAL DAS ACHEGAS DE CADA PERSOA SOCIA

debe ser inferior ao 50% do capital social.



C

OS ESTATUTOS REGULAN O REEMBOLSO DAS ACHEGAS EN CASO DE BAIXA DA PERSOA SOCIA

de acordo co artigo 64 da Lei de cooperativas de Galicia.



D



E

POR REGRA XERAL AS ACHEGAS REALIZARANSE EN MOEDA DE CURSO LEGAL

Se os estatutos o contemplan, poden facerse en bens ou dereitos. Requírese informe de persoa experta independente sobre o seu valor económico.